

# **CÍRCULO DE SILENCIO**

## **Rede Social Galicia Sur**

### **#CírculosDeSilencioVigo**

#### **1 de xuño**

Benqueridas compañeiras e compañeiros:

O vindeiro 5 de xuño celébrase o Día Mundial do Medio Ambiente, que procura sensibilizar a opinión mundial sobre a importancia de cuidar os ecosistemas, de revisar os nosos modelos de consumo, de revisar a contaminación do planeta, en definitiva, de cuidar a nosa Casa Común que está a sufrir as consecuencias do cambio climático, tanto a nivel local como global.

O actual modelo económico, baseado no crecemento ilimitado topase coa finitude dos recursos da Terra e castiga, de maneira especial, aos colectivos de por sí excluídos. Máis alá da insostenibilidade deste modelo que xenera exclusión, suscita unha profunda crise ética e social do concepto de persoa e de sociedade. Non todas as persoas teñen igual acceso aos mesmos dereitos, unha situación claramente inxusta. E, en concreto, preocúpanos as consecuencias para millóns de persoas afectadas por secas continuadas, pola perda de cultivos, polos problemas de acceso o auga, o encarecemento dos combustibles fósiles... e que teñen unha clara consecuencia no aumento das migracións climáticas. Un panorama que sellemos estarrecedor.

Neste círculo de silencio queremos visibilizar e denunciar a situación de deterioro crecente do noso medio ambiente, tanto a nivel global como local, porque todo está relacionado.

Se nos fixamos na nosa contorna máis próxima, teñen sido frecuentes nos últimos tempos as críticas das organizacións ecoloxistas polas políticas arborizadas do concello de Vigo a costa da chamada 'humanización' das nosas rúas, por fomentar a contaminación lumínica e acústica para favorecer o negocio turístico, que está a converter a nosa urbe en vítima da especulación coa vivenda de alquiler. Como lembra plataforma Vigo polo Clima, os niveis de concentración de material particulado e de ruído superan os máximos recomendados pola OMS e a cidade está entre as que teñen máis coches por habitantes do Estado. Compre priorizar a mobilidade colectiva en transporte público e a particular en bicicleta ou a pé. Ademais de desenvolver máis áreas verdes e coidar da nosa ría, o que compete tamén a Xunta de Galicia.

Organizacións ecoloxistas, científicas e moita xente nova denuncian a situación, lembrando a nosa responsabilidade colectiva no escuro

futuro ao que nos estamos a ver abocados. O Papa Francisco na sua Encíclica “Laudato Si” describe así a situación: “Non hai dúas crisis separadas, unha ambiental e outra social, senón unha sola e complexa crise socio-ambiental. As liñas para a solución requiren dunha aproximación integral para combatir a pobreza, para devolver a dignidade as persoas excluídas e, o mesmo tempo, para cuidar a Natureza”.

Ante esta problemática situación, vai xurdindo unha crecente conciencia da interdependencia global e vaise conformando unha cidadanía global crítica. Desde os movementos sociais e redes de organizacións, aparecen propostas a nivel local articuladas globalmente, que apuntan a un modelo de sociedade diferente, incorporando elementos novidosos como o decrecemento, a economía do ben común, o ben vivir, o comercio xusto e a produción sostible...

Somos parte dun mundo ferido por esa dobre crise social e medioambiental e desde ahí estamos chamados a impulsar procesos de xustiza ecolóxica. E esta non é unha tarefa máis, unha loita entre outras: estamos a falar do conxunto do planeta e da humanidade como especie, estamos a falar do futuro das vindeiras xeracións, do mundo que queremos para elas. Por primeira vez na Historia, podemos responsabilizarnos do noso legado: que lembranza terán de nós? Sentiranse avergoñadas ou orgullosas? Depende do que fagamos xa. O futuro comeza agora...